



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO, DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O DÍA 26 DE OUTUBRO DE 2023

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

D^a M^a Rosario Huertas Garabana. (PSdeG-PSOE)

D. Daniel Ríos Fernández. (PSdeG-PSOE)

D^a Alejandra Bellón Tenreiro. (PSdeG-PSOE)

D. José Simoes Couceiro

D. Isaac Alejandro García Otero. (PSdeG-PSOE)

D^a Ángela Piñeiro Carrera. (PSdeG-PSOE)

D. Joshua Dopico López. (PSdeG-PSOE)

D^a. Manuela García Fachal. (PSdeG-PSOE)

D. Luis Pena Mosquera (BNG)

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro. (PP)

D^a. Montserrat Pico Rodeiro (PP)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e oito minutos do día vinte e seis de outubro de dous mil vinte e tres, xúntanse, en sesión ordinaria do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, os concelleiros e concelleiras membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde don Bernardo Fernández Piñeiro

Foron asistidos pola Secretaria Xeral municipal, que dá fe do acto.

Secretaria Xeral:

D^a Ana Ramos Ramos

Interventora municipal:

D. Lucía Varela Martínez

NON ASISTEN

D^a María Rocío Souto Torre (BNG)

A Presidencia abre a sesión.

Antes de proceder a tratar os asuntos incluídos na orde do día, o Presidente indica que se vai dar lectura á **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO AOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE EINSA**, acordada polos Grupos Políticos Municipais.

«DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO AOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE EINSA

No ano 1998 implantábase nas Pontes "EINSA PRINT", industria gráfica, especializada na pre-impresión, impresión, encadernación e loxística para o sector editorial e da gran distribución.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Especializada na produción de grandes volumes de catálogos, directorios, revistas e folleto, EINSA PRINT chegou a contar no momento máis álxido con máis de 500 empregados.

Pero dende hai aproximadamente unha década, a empresa sufrir unha serie de problemas derivados, sobre todo, dunha baixada da carga de traballo, provocada en gran medida pola irrupción das publicacións online e a conseguinte redución de nicho de mercado no sector da impresión.

Xa por aquel entón, por parte do persoal da empresa amosouse unha responsabilidade e compromiso coa viabilidade da mesma, asumindo reducións salariais e mesmas nas condicións laborais e sociais, ou mesmo o despedimento de persoal, para garantir a súa continuidade e existencia

Por desgraza, e a pesares de todos eses esforzos e sacrificios, a situación xeral da empresa non mellorou, desembocando o pasado mércores coa convocatoria por parte da dirección aos representantes sindicais para informalos da súa intención de presentar un expediente de regulación de emprego (ERE), que afectaría á pranta das Pontes, onde traballan actualmente 227 persoas, así coma ás oficinas que a empresa ten en Madrid, sen concretar mais datos, nin o número de traballadores e traballadoras que se poderían ver afectados.

Por todo isto, dende o pleno da corporación do Concello de Ponte deume, apoiamos aos traballadores de Einsa Print, asumindo os seguintes acordos:

1º.- Solicitar que dende a dirección de EINSA PRINT se traslade de forma inmediata á parte sindical todos os datos requiridos e necesarios para informar ao persoal da mesma.

2º.- Tendo en conta, que no seu momento a implantación desta empresa contou con axudas públicas da Xunta de Galicia, solicitar a implicación e mediación da Consellería de Industria neste proceso para atopar unha solución que sexa o máis favorable para os traballadores e traballadoras afectados.

3º.- Apoiar as reivindicacións das traballadoras e traballadores para manter os postos de traballo do cadro de persoal, opoñéndose aos despedimentos na planta de As Pontes.»

A continuación procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTAS DA SESIÓN PLENARIA ANTERIOR: SESIÓN ORDINARIA DE 28.09.2023

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DE ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Expediente TEdC: 2023/G006/000193





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia do borrador da acta correspondente á sesión:

SESIÓN ORDINARIA 28.09.2023

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

- **SESIÓN ORDINARIA 28.09.2023** (borrador asinado o día 20.10.2023)

SEGUNDO.-. Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Sen intervencións, sométese a votación a **proposta**, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

- **SESIÓN ORDINARIA 28.09.2023** (borrador asinado o día 20.10.2023)

SEGUNDO.-. Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

2.- MOCIÓN NA DEFENSA DA SAÚDE MENTAL DE GALICIA

A Secretaria indica que o grupo municipal do PSdG-PSOE, presentou dentro da orde do día a seguinte moción:

“MOCIÓN NA DEFENSA DA SAÚDE MENTAL EN GALICIA”

Toma a palabra a concelleira-portavoz do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, dona Alejandra Bellón Tenreiro, que da lectura a moción presentada:

“O Grupo Municipal Socialista do Concello de Ponte deume, de acordo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia encabeza a lista de comunidades autónomas onde máis fármacos se consumen para tratar doenzas psicolóxicas segundo un informe deste mesmo mes de Outubro do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, onde se pon de manifesto a tardanza na atención destas doenzas por parte do SERGAS, de máis dun ano para a primeira consulta en adultos e máis de seis meses en menores.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

É evidente que o Plan de saúde mental de Galicia non é quen a responder ás necesidades existentes da poboación, xerando máis ansiedade nos pacientes e empeorando en moitos casos as patoloxías.

Do mesmo xeito, esta carencia asistencial comporta as/os doentes a recorrer á sanidade privada que en moitos casos resulta inaccesible economicamente.

A promoción da saúde mental nos centros educativos é fundamental para o desenvolvemento integral das/os estudantes e para a construción dunha sociedade máis saudable e empática.

Dende o Grupo Socialista, demostramos o noso compromiso co benestar da comunidade educativa e coa creación dun entorno no que a saúde mental sexa valorada e coidada.

Entendemos que a saúde mental é un compoñente esencial do benestar dos individuos e da sociedade en conxunto que debe ser atendido dende idades temperás.

Os/as estudantes en idade escolar adoitan enfrontar retos emocionais e psicolóxicos que poden afectar o seu rendemento académico e a súa calidade de vida. Lembremos que a falta de conciencia e comprensión sobre a saúde mental pode levar á estigmatización, ao silencio sobre os problemas de saúde mental e, en consecuencia, ao empeoramento das situacións familiares e vitais.

Por iso, a prevención e a educación sobre a saúde mental son fundamentais para axudar aos mozos e ás mozas a desenvolver habilidades para afrontar o estrés e as dificultades emocionais aos que poden estar sometidos e sometidas, evitando así que estas doenzas se fagan persistentes e convertan en problemas cando cheguen a adultos.

A necesidade de psicólogos/as clínicos nas escolas é cada vez máis evidente, xa que os docentes non poden atender correctamente, por carecer da formación necesaria, situacións cada vez máis frecuentes que se están a detectar nos centros, tales como depresións, ansiedade ou autolesións.

A saúde mental, en tódolos eidos da nosa vida, merece a mesma atención que calquera outra patoloxía clínica, e a sobremedicación, tal e como se está a evidenciar nos últimos estudos, non pode ser a única vía para os/as doentes.

POR TODO O ANTERIORMENTE EXPOSTO, O PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME INSTA Á ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA A :

- **Implementar os recursos económicos e humanos nos centros escolares que salvagarden a saúde mental do alumnado.**
- **Ampliar a contratación de psicólogos/as clínicos/as no SERGAS para reducir a lista de agarda nos departamentos de saúde mental de adultos e de infanto-xuvenil.**
- **Levar a cabo programas de concienciación e detección das enfermidades mentais tanto nos centros escolares coma nas diferentes áreas sanitarias."**

A Presidencia abre a quenda para o debate

Toma a palabra o concelleiro do Partido Municipal do BNG, **don Luís Pena Mosquera**, e indica que é unha moción xenérica e que votaran a favor da moción, pero que lles gustaría saber como a problemática que existe en torno á saúde mental a nivel Comunidade Autónoma, se traslada ao Concello de Ponte deume. O Concello está representado no Consello escolar e pregunta que medidas se tomaron ou se poden tomar para poder mellorar esta situación dentro dos centros escolares do Concello; e no caso de que non se fixese nada facer algún programa ou medida para atallar esta problemática.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Continúa dicindo que sería bo solicitar á Xerencia do centro de saúde de Ponte deume, ver que necesidades ten e incluso facer algunha petición para o aumento das prestacións sanitarias para este tipo de enfermidades no propio centro.

Toma a palabra a concelleira do Partido Municipal do PP, **dona Montserrat Pico Rodeiro**, que é un problema moi serio, que está a aumentar na sociedade na que vivimos, hai que defender a saúde mental. Indican que non presentan oposición para aprobar esta moción.

Toma a palabra a **Sr. Bellón Tenreiro** para indicar que a competencia que ten o concello nos centros escolares é a de mantemento e conservación; pero dende hai varios anos o departamento de servizos sociais está a traballar no eido da saúde mental cos colexios tanto de primaria como secundaria, hai un departamento de prevención de trastornos e condutas aditivas levado pola psicóloga municipal.

Continúa dicindo que o ano pasado se fixeron algunhas charlas en colaboración coa Xerencia de Ferrol e o departamento de psicología, destinadas ao país. Indican que están a preparar charlas para o alumnado de primaria e secundaria, que son demandadas polos centros, para alumnos, profesorado e pais e nais. Continúa dicindo que é un tema que o goberno se está a tomar moi en serio, porque vense moitos casos, e que sempre apoian aos centros no relativo a estes temas.

Sen máis intervencións, sométese a votación a **moción**, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes o **ACORDO** seguinte:

ÚNICO.- Instar á Administración Autonómica a:

- Implementar os recursos económicos e humanos nos centros escolares que salvagarden a saúde mental do alumnado.
- Ampliar a contratación de psicólogos/as clínicos/as no SERGAS para reducir a lista de agarda nos departamentos de saúde mental de adultos e de infanto-xuvenil.
- Levar a cabo programas de concienciación e detección das enfermidades mentais tanto nos centros escolares coma nas diferentes áreas sanitarias.

3.- COMUNICACIÓN DA REMISIÓN DO CÁLCULO DO CUSTO EFECTIVO DOS SERVIZOS NO EXERCICIO 2022

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA

COMUNICACIÓN DA REMISIÓN DO CÁLCULO DO CUSTO EFECTIVO DOS SERVIZOS NO EXERCICIO 2022



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
CIF P-1507000 F –Nº REELL 01150695

Páxina 5 de 28

TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 - www.pontedeume.gal



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Expediente TEdC: 2023/Q001/000016-2023/G006/000196

Visto o sinalado na Orde HAP/2075/2014, de 6 de novembro, pola que se establecen os criterios de cálculo do custo efectivo dos servizos prestados polas entidades locais en desenvolvemento do previsto no artigo 116 ter da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, introducido pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, que establece que antes do día 1 de novembro de cada ano as entidades locais calcularán o custo efectivo dos servizos partindo dos datos contidos na liquidación do orzamento xeral

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

ÚNICO.- Dar conta do informe de Intervención de referencia 175/2023, de asunto: "Comunicación da remisión do cálculo do custo efectivo 2022 ao Ministerio de Hacienda"

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**.

4.- DAR CONTA DO INFORME INTERVENCIÓN 173/2023 MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE 2023

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE TOMA DE RAZÓN

DAR CONTA INFORME INTERVENCIÓN 173/2023 MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE 2023.

(Expediente TEdC: 2023/Q001/000015-2023/G006/000191)

Visto o sinalado no artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, concretamente nos seus apartados 3 e 5, que sinalan literalmente que:

"(...) 3. Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.

4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes.



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
CIF P-1507000 F –Nº REELL 011150695

Páxina 6 de 28

TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 - www.pontedeume.gal

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

5. La información así obtenida podrá ser utilizada por las Administraciones receptoras para la elaboración de un informe periódico y de carácter público sobre el cumplimiento de los plazos para el pago por parte de las Administraciones Públicas. (...)"

Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade Financeira,

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

ÚNICO.- Dar conta do informe de Intervención de referencia 173/2023, de asunto: "Comunicación de cumprimento da remisión de información ao Ministerio en relación coa morosidade e período medio de pagamento correspondentes ao terceiro trimestre de 2023"

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**.

5.- DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DE PROXECTOS DE OBRAS POR RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA PRESIDENCIA

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DACIÓN CONTA AO PLENO

Expediente: 2019/X999/000467-2023/G006/000198

Asunto: Dación de conta da aprobación de proxectos de obras por Resolución da Alcaldía Presidencia.

Por Decreto da Alcaldía nº 564/2023 de 23/10/2023 resolveuse, entre outros:

"PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de obras para **"REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PARA ALBERGUE DE PEREGRINOS RÚA ATAFONA, Nº 30, PONTEDEUME"**, asinado polo arquitecto Arturo Franco Taboada en data 06.07.2021, por importe de 375.360,44 € (310.215,24 € + 65.145,20 € de IVE), incluído dentro do "Proxecto Fragas do Eume" da Deputación da Coruña, do "Plan de Sustentabilidade Turística Fragas do Eume", financiado con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU (PRTR).

SEGUNDO.- Dar traslado da presente resolución á Deputación da Coruña, así como de todos os informes, permisos, autorizacións e a documentación do expediente que sexa necesaria para a contratación e execución das obras.

...//..."

Á vista do anterior e que o proxecto de obra non está previsto no orzamento do concello de Ponte deume, polo que o órgano competente para a súa aprobación, en virtude do artigo 22.1ñ) da LBRL a competencia corresponde ao Pleno. No entanto, mediante acordo do Pleno do concello, en sesión extraordinaria do 28



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

de xuño de 2023, delegouse no alcalde-presidente do concello o exercicio da aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

Tendo en conta o establecido no artigo 115 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, que se transcribe en estrato:

“Artículo 115. Si no se dispone otra cosa, el órgano delegante conservará las siguientes facultades en relación con la competencia delegada:

a) La de recibir información detallada de la gestión de la competencia delegada y de los actos o disposiciones emanados en virtud de la delegación.

...//...”

Cumprindo cos preceptos anteriores, esta Alcaldía-Presidencia, propón ao Pleno do Concello:

ÚNICO.- A toma de razón do Decreto da Alcaldía nº 564/2023 de 23/10/2023, cuxo contido se transcribe: **“Descrición decreto: EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DO PROXECTO “REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PARA ALBERGUE DE PEREGRINOS RÚA ATAFONA, Nº 30, PONTEDEUME”, INCLUÍDO DENTRO DO “PROXECTO FRAGAS DO EUME” DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA, DO “PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA FRAGAS DO EUME”, FINANCIADO FINANCIADO CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATIONEU (PRTR)**

EXPEDIENTE Nº 2019/X999/000500

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

Logo de ver o proxecto **“REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PARA ALBERGUE DE PEREGRINOS RÚA ATAFONA, Nº 30, PONTEDEUME”**, asinado polo arquitecto Arturo Franco Taboada en data 06.07.2021, por importe de 375.360,44 € (310.215,24 € + 65.145,20 € de IVE).

Tendo en conta o informe técnico de viabilidade urbanística de data 05/08/2022. Consta informe técnico de corrección de erros de data 18/10/2023.

Consta autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 10.03.2021.

Visto o Proxecto de sondaxes arqueolóxicas previas á Rehabilitación da edificación para Albergue de Peregrinos con data de rexistro de entrada no Concello do 11.06.2021 (nre 202199900001012).

Consta resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Universidade do 01.07.2021, con data de rexistro de entrada no concello do 02.07.2021 (nre 202190000000860) no que se autoriza a María Luisa Malizia para realizar o proxecto de sondaxes arqueolóxicas previas ás obras de rehabilitación, como actividade preventiva.

Consta informe de supervisión favorable da Deputación Provincial da Coruña de data 19.07.2021.

Tendo en conta que o concello de Ponte deume formalizou en documento administrativo e escritura pública ante o notario de Ponte deume D. Alvar Quintanilla López-Tafall, cesión a título gratuito do inmovible



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

denominado “El Hospitalillo” para a súa rehabilitación e destino a albergue de peregrinos do Camiño de Santiago en data 29/04/2016 e vista a adenda asinada por D. Bernardo Fernández Piñeiro, alcalde do concello de Ponte deume en data 18/07/2023 e D. Fernando Barros Fornos en representación do Arzobispado de Santiago de Compostela, na que amplian a vixencia do convenio de cesión co fin de permitir a execución das obras vinculadas a este expediente, ata o 31 de decembro de 2046 co fin de construír un Albergue de Peregrinos do Camiño de Santiago, nas condicións pactadas.

Tendo en conta o acordo do Pleno do Concello de Ponte deume, celebrado en sesión Ordinaria de data 28.07.2023, cuxo contido se transcribe, en estrato:

“PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ponte deume con CIF P-1507000F para financiar a actuación nº 9 do PSTD Fragas do Eume “Rehabilitación de edificio histórico para novo uso como albergue” financiado dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia con cargo a fondos NextGenerationEU.

Esta actuación enmárcase dentro do PSTD Fragas do Eume, no eixe 4 relativo as actuacións no ámbito da competitividade, actuación nº 9, segundo a táboa de actuacións aprobada dentro do Convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e a Deputación de A Coruña para a execución do Plan de Sustentabilidade Turística Fragas do Eume no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, Financiado pola Unión Europea NextGenerationEU, que se ve modificada na reprogramación aprobada na Comisión de seguimento do PSTD Fragas do Eume de 29 de marzo de 2023

A Deputación da Coruña farase cargo da execución das obras, contratación e supervisión das mesmas, cun custo previsto no PSTD Fragas do Eume que ascende a un total de 375.360,44 € con contribución da UE 100%.

...//...

SEGUNDO.- Delegar na Deputación da Coruña a contratación da execución das obras incluídas no proxecto de financiamento de acordo do disposto na Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.

A codirección das obras corresponderá por unha parte ao Concello de Ponte deume, ben mediante medios propios ou mediante o correspondente contrato de servizos de dirección, e aboará no seu caso os gastos que correspondan. Por outra parte a codirección por parte da Deputación se realizará polos Servizos Técnicos da mesma, non xerando polo tanto gastos neste concepto

TERCEIRO.- Delegar na Deputación da Coruña a contratación da coordinación de seguridade e saúde e do control de calidade segundo o indicado nas cláusulas do convenio que se aproba.

CUARTO.- O Concello de Ponte deume pon a disposición da Deputación o inmovible a fin de que se poidan executar as obras incluídas no proxecto de rehabilitación do inmovible.

QUINTO.- Asumir cantas obrigas deriven da formalización do convenio que se aprobe co fin da execución e xustificación das obras financiadas con cargo aos Fondos del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, e facultar ao Sr. Alcalde do concello de Ponte deume co fin de dar cumprimento ás mesmas e a subscribir cantos actos administrativos sexan necesarios ao efecto.

...//...”



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Logo de ver o oficio do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación da Coruña de data 26/09/2023, nos seguintes termos:

“Achégase proxecto.- REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PARA ALBERGUE DE PEREGRINOS RÚA ATAFONA Nº 30 PONTEDEUME, xunto con autorización da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia, a fin de que se conceda a correspondente licenza municipal de obra”

Tendo en conta que o promotor do proxecto é o Concello de Ponte deume, conforme o establece o texto do convenio aprobado, entre outros:

“...//...”

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN.

1. A Deputación contratará a execución das obras incluídas no proxecto obxecto de financiamento de acordo co disposto na Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.

2. A codirección das obras corresponderá por unha parte ao Concello de Ponte deume, ben mediante medios propios ou mediante o correspondente contrato de servizos de dirección, e aboará no seu caso os gastos que correspondan.

Por outra parte a codirección por parte da Deputación se realizará polos Servizos Técnicos da mesma, non xerando polo tanto gastos neste concepto.

3. A contratación da coordinación de seguridade e saúde corresponderá a Deputación da Coruña e aboará os gastos que diso se deriven.

4. A contratación do control de calidade da obra corresponderá a Deputación da Coruña que abonará os gastos que diso se deriven.

5. As certificacións mensuais que emita a dirección de obra serán remitidas á Deputación da Coruña para a seu pago con cargo ao PSTD Fragas do Eume.

6. As modificacións do contrato só se poderán realizar por razóns de interese público nos supostos previstos nos artigos 204, 205 e 242 da LCSP.

A estes efectos o Concello de Ponte deume, como promotor do proxecto orixinal, remitirá á Deputación o proxecto modificado a efectos da súa supervisión.

...//...”

Tendo en conta o establecido nos artigos 147 da Lei 2/2010, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o artigo 365 do Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro: “1. Los actos relacionados en el artículo 142 que promuevan órganos de las administraciones públicas o de derecho público estarán sujetos a control municipal por medio de la obtención de licencia municipal o comunicación previa, salvo los supuestos exceptuados por la legislación aplicable.

2. Las obras públicas municipales se entenderán autorizadas por el acuerdo de aprobación del proyecto previa acreditación en el expediente del cumplimiento de la legislación urbanística y sectorial, así como del planeamiento en vigor.”.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Logo de ver o acta de reformulo asinada dixitalmente polo arquitecto técnico municipal o día 13/10/2023.

Visto o informe xurídico sobre o procedemento legal de data 20/10/2023.

Tendo en conta a cláusula III do Convenio de cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o concello de Ponte deume para a “Rehabilitación de edificio para albergue de peregrinos rúa Tafona, n.º 30, Ponte deume” aprobado mediante acordo do pleno do concello, en sesión ordinaria do 28.07.2023 establece: “A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras con fondos do PSTD Fragas do Eume, financiado dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia con cargo a fondos NextGenerationUE, tal como se define na cláusula anterior, cunha adhega de 375.360,44 euros con cargo á aplicación orzamentaria, o que representa unha porcentaxe do 100%. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4327/650.”.

Á vista do anterior, o proxecto de obra non está previsto no orzamento do concello de Ponte deume, polo que o órgano competente para a súa aprobación, en virtude do artigo 22.1ñ) da LBRL a competencia corresponde ao Pleno. No entanto, mediante acordo do Pleno do concello, en sesión extraordinaria do 28 de xuño de 2023, delegouse no alcalde-presidente do concello o exercicio da aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

Considerando o establecido no artigo 231 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Considerando o establecido no artigo 134 do Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas.

Considerando o anteriormente exposto e ao amparo das atribucións que me confire a D.A. 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de obras para “**REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PARA ALBERGUE DE PEREGRINOS RÚA ATAFONA, Nº 30, PONTEDEUME**”, asinado polo arquitecto Arturo Franco Taboada en data 06.07.2021, por importe de 375.360,44 € (310.215,24 € + 65.145,20 € de IVE), incluído dentro do “Proxecto Fragas do Eume” da Deputación da Coruña, do “Plan de Sustentabilidade Turística Fragas do Eume”, financiado Financiado con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU (PRTR).

SEGUNDO.- Dar traslado da presente resolución á Deputación da Coruña, así como de todos os informes, permisos, autorizacións e a documentación do expediente que sexa necesaria para a contratación e execución das obras.

TERCEIRO.- Dar traslado aos departamentos de Intervención e Urbanismo aos efectos oportunos.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN.**

6. ACTIVIDADES DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA.

A Secretaria xeral da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DACIÓN DE CONTA

DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA DITADAS NO PERÍODO DO 25 DE SETEMBRO AO 19 DE OUTUBRO DE 2023 NA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 26 DE OUTUBRO DE 2023

Expediente TEdEC: 2023/G006/000194

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **518/2023** de 25 de setembro ao **554/2023** de 18 de setembro de 2023, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2023/G003/000565	Liquidación de Tributos-PAGO SEGUROS SOCIAIS MES AGOSTO 2023.	00518/2023	25-09-2023 11:16
2023/G003/000571	SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE 28.09.2023	00519/2023	25-09-2023 11:56
2023/G003/000579	Elaboración de nóminas, DOCUMENTACIÓN NÓMINA MES SETEMBRO 2023.	00520/2023	26-09-2023 14:50
2023/G003/000569	Elaboración de nóminas, INCIDENCIAS NÓMINA MES SETEMBRO 2023.	00521/2023	27-09-2023 13:04
2023/G003/000574	Elaboración de nóminas, DOCUMENTACIÓN NÓMINA MES SETEMBRO 2023.	00522/2023	27-09-2023 13:04
2023/G003/000575	CAMBIO DE IMPUTACIÓN CONTABILIZACIÓN	00523/2023	27-09-2023 19:52
2023/G003/000581	DECRETO PREINSCRIPCIÓN ESCOLAS	00524/2023	27-09-2023



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	DEPORTIVAS MUNICIPAIS INVERNO 2023-24		19:52
2023/G003/000578	APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/19.-	00525/2023	27-09-2023 19:52
2023/G003/000570	DELEGACIÓN DO CASAMENTO CIVIL DO DIA 29/09/2023 ENTRE JPSD E DIBH NA TERCEIRA TENENTE DE ALCALDE E CONCELLEIRA DELEGADA DONA ALEJANDRA BELLÓN TENREIRO	00526/2023	28-09-2023 10:38
2023/G003/000566	Solicitud Subvención para contratación de Socorristas para o ano 2019	00527/2023	28-09-2023 10:38
2023/G003/000573	ALTA EDITOR NA BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS).	00528/2023	26-09-2023 08:56
2023/G003/000582	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 14. XERACIÓN DE CRÉDITO 8. IGUALDADE.-	00529/2023	03-10-2023 10:06
2023/G003/000585	CONVOCATORIA PLAZAS ADMINISTRATIVO OEP 2019 PONTEDEUME	00530/2023	03-10-2023 13:47
2023/G003/000586	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL DE MARÍA ROCA VÁZQUEZ O 11 DE OUTUBRO DE 2023.	00531/2023	03-10-2023 13:47
2023/G003/000587	EXPEDIENTE DE CAMBIO DE IMPUTACIÓN CONTABILIZACIÓN FACTURAS	00532/2023	04-10-2023 11:59
2023/G003/000550	TESOURERIA: Solicitud General a nombre de JILLF Solicita: Por no ser propietario del inmueble que se indica en el presente escrito, solicito le sea solicitado el abono del impuesto al nuevo propietario y se me exima mediante an	00533/2023	04-10-2023 11:59
2023/G003/000580	SOLICITA O ALTA NO RECIBOS DE RECOLLIDA DE LIXO	00534/2023	04-10-2023 11:59
2023/G003/000560	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO AI 99500000029743	00535/2023	04-10-2023 11:59
2023/G003/000591	SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 5 DE OUTUBRO DE 2023	00536/2023	04-10-2023 14:18
2023/G003/000594	Convocatoria selección personal bolsa administrativos/as grupo c1	00537/2023	05-10-2023 13:31



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2023/G003/000593	SOLICITA CELEBRACIÓN MATRIMONIO CIVIL con JMBF PARA O DÍA 07/10/2023 NA CASA DA CULTURA ÁS 13:00 HORAS	00538/2023	06-10-2023 11:41
2023/G003/000584	APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/20.-	00539/2023	06-10-2023 11:41
2023/G003/000595	INCOACIÓN DE INEFICACIA DE COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULAR DE ACTIVIDADE EN ESTABLECIMIENTO DE HOSTELERIA SITUADO NA RÚA FERREIROS NÚM. 14 BAJO	00540/2023	06-10-2023 13:24
2023/G003/000592	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO A199500000029814	00541/2023	06-10-2023 13:23
2023/G003/000589	APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2023/22.-	00542/2023	06-10-2023 14:13
2023/G003/000568	CONTRATO PARA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS CONTIDAS NO PROXECTO "SINALIZACIÓN E MELLORA DE RUTAS DE SEDERISMO E CICLISMO DE MONTAÑA NO ENTORNO DA ERMIDA DE BREAMO EN PONTEDEUME";, CON CARGO AO CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DESTINADAS Á PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLE A TRAVÉS DA CREACIÓN OU REHABILITAICÓN DE ENTORNOS SAUDABLES FINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATION, PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, MINISTERIO DE SANIDADE, GOBERNO DE ESPAÑA	00543/2023	09-10-2023 09:31
2023/G003/000603	CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO "MELLORA DE TRAZADO DO CAMIÑO EN CENTROÑA ATA O SEU ENCONTRO COA ESTRADA PROVINCIAL DP-4803" POS + 2019	00544/2023	10-10-2023 14:50
2023/G003/000588	APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2023/21, RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL ALCALDÍA.-	00545/2023	10-10-2023 15:32
2023/G003/000597	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO	00546/2023	10-10-2023



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

<i>Expediente</i>	<i>Asunto</i>	<i>Nº Decreto</i>	<i>Data sinatura</i>
	AI99500000029867		15:32
2023/G003/000602	Solicitud Subvención Igualdade	00547/2023	11-10-2023 13:50
2023/G003/000600	TESOURERIA: PADRON MERCADO MUNICIPAL 2S2023	00548/2023	11-10-2023 13:50
2023/G003/000604	Solicitud Subvención 2% cultural. Torreón dos Andrade	00549/2023	11-10-2023 13:50
2023/G003/000605	DECRETO INSCRIPCIÓN 11-10-23 ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS INVERNO 2023-24	00550/2023	11-10-2023 13:50
2023/G003/000608	Liquidación de Tributos- MODELO 111 IRPF, SETEMBRO 2023.	00551/2023	16-10-2023 14:50
2023/G003/000610	Convocatoria selección personal-POLICIA LOCAL EN COMISIÓN DE SERVICIOS	00552/2023	17-10-2023 14:09
2023/G003/000618	DECRETO DE CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 19 DE OUTUBRO DE 2023	00553/2023	18-10-2023 14:17
2023/G003/000617	DECRETO DE CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DA CIAEF DE DÍA 23-10-2023	00554/2023	18-10-2023 14:31

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**.

7.- ASUNTOS DE URXENCIA

Non se presentaron asuntos de urxencia.

8.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES

A secretaria indica que se presentaron as seguintes mocións urxentes:

- **Moción de apoio ás traballadoras e traballadores de EINSA** presentada polo Grupo Municipal do BNG.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Con motivo da Declaración Institucional de apoio aos traballadores e traballadoras de EINSA, o grupo municipal do BNG retira esta moción.

- **Moción para garantir o acceso ao Parque Natural das Fragas do Eume pola estrada de Ombre**, presentada polo Grupo Municipal do BNG
- **Moción do Grupo Municipal Socialista solicitando a construción de beirarrúas na estrada autonómica AC-151**

Sométese a votación a urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DAS SEGUINTE MOCIÓNS NA ORDE DO DÍA**, por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes:

- **Moción para garantir o acceso ao Parque Natural das Fragas do Eume pola estrada de Ombre.**
- **Moción do Grupo Municipal Socialista solicitando a construción de beirarrúas na estrada autonómica AC-151**

8.1.- MOCIÓN PARA GARANTIR O ACCESO AO PARQUE NATURAL DAS FRAGAS DO EUME POLA ESTRADA DE OMBRE

Toma a palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, don Luís Pena Mosquera, que da conta do contido da moción presentada, cuxo texto se transcribe a continuación:

"MOCIÓN PARA GARANTIR O ACCESO AO PARQUE NATURAL DAS FRAGAS DO EUME POLA ESTRADA DE OMBRE

O grupo municipal do BNG de Ponte deume presenta a seguinte moción para o seu debate no pleno

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O histórico desleixo da Xunta de Galiza co Parque natural das fragas do Eume está a acadar niveis de auténtico boicot. Os numerosos problemas deste verán para visitar o canón do Parque e o mosteiro de Caaveiro, que acumularon titulares de prensa e numerosas protestas das persoas visitantes, producidos polo mal estado da única estrada de acceso desde o Concello de Ponte deume, non só non provocaron rectificación ou actuación correctora ningunha por parte da Xunta de Galiza, senón que ven de ratificarse no seu rexeitamento a ocuparse do mantemento desta infraestrutura, aínda a custo de ter que recomendar a súa non utilización por problemas de seguridade, o que significa de facto que a Xunta corta o acceso ao canón das Fragas e ao mosteiro de Caaveiro, as zonas máis visitadas do Parque natural.

Esta posición, absolutamente inimaxinábel por parte de ningún goberno do mundo ao respecto dos seus propios Parques naturais, pretende xustificala no feito de non ser esta estrada da súa titularidade, cuestión controvertida e que está sendo obxecto de análise, pasando por alto que era a Xunta de Galiza a que historicamente viña facendo o mantemento da estrada até o de agora, que o abandonou sen aclarar a que administración lle correspondería facelo, e polo tanto sen alternativa e sendo evidentes as consecuencias



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

que isto podería provocar no curto prazo, e máis aínda obviando que como titular do Parque natural pode considerarse responsábel de garantir o bo estado do seu principal medio de acceso

*É por todo o exposto con anterioridade, polo que o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes **ACORDOS**:*

Instar á Xunta de Galiza a realizar as actuacións de mantemento e reparación necesarias na estrada de Ombre para garantir o acceso ao Parque natural das Fragas do Eume en condicións de seguridade, mentres non haxa outra administración que asuma a realización destas tarefas.”

A Presidencia abre a quenda para o debate

Toma a palabra o concelleiro do Partido Municipal do PP, **don Santiago José Rodríguez Piñeiro**, para indicar que son conscientes da situación da estrada, pero que consultaron á Xunta de Galicia que lles trasladou que a titularidade desa estrada non é deles. Pide que se modifique o acordo da moción do xeito seguinte, *“Instar a Xunta e a Deputación da Coruña, para que aclaren a titularidade da estrada”*.

Toma a palabra o **Sr. alcalde**, para indicar que de súpeto a Xunta de Galicia di que a estrada non é súa, que é da Deputación, sen aportar ningunha documentación. Continúa dicindo que a estrada era propiedade do extinguido ICONA, dependente do antigo Ministerio de Agricultura da época franquista; era unha vía de acceso aos propietarios dos montes, pero que cando Franco empeza a vir pescar ao río Eume, amañase e faise a estrada tal e como se coñece actualmente. Ao rematar a ditadura todos os bens do ICONA transferíronse automaticamente ás autonomías; e que a Xunta diga que non atopa o papel, non é xustificación, do mesmo xeito que cando se incorporan camiños ao inventario municipal neste concello a través da tramitación dun expediente que se aproba no Pleno; a Xunta debe facer o mesmo, porque do contrario estaría a prevaricar por levar máis de 30 anos investindo nunha estrada que non é da súa titularidade. Continúa dicindo que a Xunta de Galicia argumenta que a estrada autonómica so chega ata o centro de interpretación do parque, e que ata Caaveiro é da Deputación porque o Mosteiro é do Concello da Capela, pero isto non é fundamento xurídico para dicir que agora a estrada é da Deputación; ademais incide en que durante o franquismo había deputacións, e se a estrada era propiedade desta xa o sería durante a etapa franquista, e non sería transferida. Continúa indicando que se a Consellería de Infraestruturas entende que o tema de asfaltado e entrada de vehículos é incompatible co desenvolvemento do parque, pois haberá que dar un sistema de transporte alternativo comunitario para que a xente poda acceder ao mosteiro de Caaveiro. Indica que hai seis anos propuxeron á Xunta facer un parque disuasorio nunha parcela propiedade do Concello ao lado do centro de saúde, 5000 metros cadrados; o concello cedía, a Xunta arraxaba e a Deputación trasladaría ao parque; pero a Xunta no aceptou. Indica que volveu a insistir nas tres reunións do Consello reitor do Parque e incidindo en que no verán hai un problema brutal de tráfico nesa estrada... (aquí fai un inciso, dicindo que prohibiu a Policía Local acudir as chamadas do centro de Interpretación cando se complicaba o tráfico, xa que non é unha vía interurbana e polo tanto non é competencia da Policía Local); que na actualidade a estrada está en tal mal estado, pero que se hai que eliminar o tráfico rodado se elimine, agás para vehículos e emerxencia; pero para estes vehículos a estrada tamén debe estar nun estado óptimo de conservación; é un tema importante e que comporta certa gravidade en caso de que pase algo como para que a Conselleira *“bote balóns fóra”* e xa se leva pelexando



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

10-12 anos, as solucións propostas non vale ningunha; pero eles din que a estrada non é deles sen ningún tipo de documentación.

Toma a palabra a **concelleira do PSdeG-PSOE Sra. Bellón Tenreiro** que día que eles queren incluír na moción un “punto” que indicase *“Tendo en conta os diversos escritos presentados polo Concello de Ponte deume de 30 de xaneiro de 2023 e de 23 de outubro de 2023 onde xa se manifestaba a preocupación deste Concello polo deterioro da estrada de acceso ao Mosteiro de Caaveiro”*.

Toma a palabra o **Sr. Pena Mosquera, do BNG**, para indicar que o obxectivo da moción é trasladar á Xunta a situación real da estrada de acceso ao parque; están a favor de incluír o indicado pola concelleira do PSdeG-PSOE; que están na obriga de defender a veciñanza do concello de Ponte deume, e que esta non entende das liortas entre Xunta e Deputación, polo que tamén estarían a favor de incluír un punto que indique *“instar as distintas administracións a resolver o tema da titularidade da estrada ao Parque das Fragas do Eume”*.

Continúa o debate de como redactar os puntos do acordo da mocións.

O concelleiro do PP, o sr. Rodríguez Piñeiro, solicita que se voten os puntos por separado.

Sen máis intervencións a **moción enmendada** que se somete a votación sería:

“MOCIÓN PARA GARANTIR O ACCESO AO PARQUE NATURAL DAS FRAGAS DO EUME POLA ESTRADA DE OMBRE

O grupo municipal do BNG de Ponte deume presenta a seguinte moción para o seu debate no pleno

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O histórico desleixo da Xunta de Galiza co Parque natural das fragas do Eume está a acadar niveis de auténtico boicot. Os numerosos problemas deste verán para visitar o canón do Parque e o mosteiro de Caaveiro, que acumularon titulares de prensa e numerosas protestas das persoas visitantes, producidos polo mal estado da única estrada de acceso desde o Concello de Ponte deume, non só non provocaron rectificación ou actuación correctora ningunha por parte da Xunta de Galiza, senón que ven de ratificarse no seu rexeitamento a ocuparse do mantemento desta infraestrutura, aínda a custo de ter que recomendar a súa non utilización por problemas de seguridade, o que significa de facto que a Xunta corta o acceso ao canón das Fragas e ao mosteiro de Caaveiro, as zonas máis visitadas do Parque natural.

Esta posición, absolutamente inimaxinábel por parte de ningún goberno do mundo ao respecto dos seus propios Parques naturais, pretende xustificala no feito de non ser esta estrada da súa titularidade, cuestión controvertida e que está sendo obxecto de análise, pasando por alto que era a Xunta de Galiza a que historicamente viña facendo o mantemento da estrada até o de agora, que o abandonou sen aclarar a que administración lle correspondería facelo, e polo tanto sen alternativa e sendo evidentes as consecuencias que isto podería provocar no curto prazo, e máis aínda obviando que como titular do Parque natural pode considerarse responsábel de garantir o bo estado do seu principal medio de acceso



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Tendo en conta os diversos escritos presentados polo Concello de Ponte deume de 30 de xaneiro de 2023 e de 23 de outubro de 2023 onde xa se manifestaba a preocupación deste Concello polo deterioro da estrada de acceso ao Mosteiro de Caaveiro

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galiza a realizar as actuacións de mantemento e reparación necesarias na estrada de Ombre para garantir o acceso ao Parque natural das Fragas do Eume en condicións de seguridade, mentres non haxa outra administración que asuma a realización destas tarefas.

Segundo.- Instar ás distintas administracións a resolver as dúbidas sobre a titularidade da estrada de acceso ao Parque Natural das Fragas do Eume plantexadas pola Xunta de Galicia.”

Sométese a votación, por separado, os puntos do acordo da moción enmendada

Sométese a votación o **punto PRIMEIRO**, da moción enmendada, quedando **ADOPTADO por MAIORÍA de 10 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE(9): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D^a. Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D^a Alejandra Bellon Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro Garcia Otero, D^a. Angela Piñeiro Carrera, D. Joshua Dopico Lopez e D^a. Manuela Garcia Fachal; do concelleiro do Grupo Municipal do BNG (1), D. Luis Pena Mosquera; e **2 abstencións** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PP D. Santiago Jose Rodríguez Piñeiro e Da. Montserrat Pico Rodeiro o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galiza a realizar as actuacións de mantemento e reparación necesarias na estrada de Ombre para garantir o acceso ao Parque natural das Fragas do Eume en condicións de seguridade, mentres non haxa outra administración que asuma a realización destas tarefas.

Sométese a votación o **punto SEGUNDO**, da moción enmendada; quedando **ADOPTADO UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes o **ACORDO** seguinte:

Segundo.- Instar ás distintas administracións a resolver as dúbidas sobre a titularidade da estrada de acceso ao Parque Natural das Fragas do Eume plantexadas pola Xunta de Galicia

8.2.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOLICITANDO A CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA ESTRADA AUTONÓMICA AC-151

Toma a palabra a voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE, dona Alejandra Bellón Tenreiro, que da conta do contido da moción presentada, cuxo texto se transcribe a continuación:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

“O Grupo Municipal Socialista no Concello de Ponte deume, con arreglo ao disposto no artigo 71,3 do Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réximen Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao pleno Municipal a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A través da parroquia eumesa de Andrade, concretamente no tramo situado entre os lugares de O Cruceiro e Os Loureiros, discorre a estrada autonómica AC-151.

Trátase dunha vía que comunica o noso Concello co de Vilarmaior e que conta con numerosas vivendas a ámbalas dúas marxes da calzada, así coma unha sala de festas, que congrega cada fin de semana a centenas de persoas, co que afluencia de vehículos na zona é moi elevada.

Na actualidade, a mencionada estrada carece de beirarrúas, polo que tanto os residentes, coma os visitantes, teñen que transitar polo “arcén” da mesma, poñendo en perigo a súa integridade física, posto que ademais da afluencia elevada de vehículos citada con anterioridade, debemos destacar tamén a excesiva velocidade á que moitos deles circulan, dado o seu ancho, firme e trazado.

Por este motivo, e a fin de garantir a seguridade dos peóns nesa zona, compre dotar á mesma dunhas beirarrúas similares ás construídas nestes últimos anos pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade en estradas da súa competencia ao seu paso polos Concellos de Mugar dos, Curtis, Oza-Cesuras ou Laxe, entre outros.

Compre lembrar ademais, que esta petición ven respaldada pola Asociación de Veciños “Mariano Ruiz” de Andrade, así coma por moitos veciños e veciñas da zona, que son os que máis padecen esta situación de inseguridade.

Por todo exposto, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Ponte deume, propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1º.-O Concello de Ponte deume solicita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a construción de beirarrúas na AC-151, ao seu paso pola parroquia eumesa de Andrade.

2º.- O Concello de Ponte deume solicita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade que se convoque ao Alcalde-Presidente deste municipio e ao representante da AVV Mariano Ruiz de Andrade, a un encontro con persoal directivo e técnico da mesma, para abordar os detalles do futuro proxecto.”

A Presidencia abre a quenda para o debate.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Toma a palabra o **Sr. Pena Mosquera, concelleiro do BNG**, que indica que é unha petición razoable, pero no punto 2 di que se debería recoller a outras persoas interesadas, non so as representadas pola AVV Mariano Ruiz.

Toma a palabra o **Sr. Presidente**, indicando que o conxuntos dos veciños xa os representa o alcalde, é que cree que case a totalidade dos veciños de Andrade están representados na asociación Mariano Ruiz.

A continuación, surxe un pequeno debate semántico sobre o concepto de representación dos veciños.

Toma a palabra o **Sr. Rodríguez Piñeiro do PP**, para indicar que o seu voto vai ser a favor.

Toma a palabra don **Montserrat Pico Rodeiro concelleira do PP** para pedir que non se reitere no tempo a tramitación por urxencia, xa que está esta asinada o día 23-10-2023 pero recibírona o día 26-10-2023 as 9 da mañá... que están a favor da petición dos veciños, pero que se tiveran que rebater algo non terían tempo para o seu estudo.

Responde o Sr. Presidente que o procedementos para presentación das mocións urxente é o que está establecido.

Ao tenor do debate, o Sr. Presidente propón unha nova redacción ao punto 2º que quedaría como segue:

2º.- O Concello de Pontedeume solicita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade que se convoque ao Alcalde-Presidente deste municipio e a un representante dos veciños de Andrade, a un encontro con persoal directivo e técnico da mesma, para abordar os detalles do futuro proxecto.

Sen máis intervencións, sométese a votación a moción enmendada, quedando **ADOPTADO UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes o **ACORDO** seguinte:

1º.-O Concello de Pontedeume solicita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a construción de beirarrúas na AC-151, ao seu paso pola parroquia eumesa de Andrade.

2º.- O Concello de Pontedeume solicita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade que se convoque ao Alcalde-Presidente deste municipio e a un representante dos veciños de Andrade, a un encontro con persoal directivo e técnico da mesma, para abordar os detalles do futuro proxecto.

9. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) presente para o Pleno do mes de outubro as seguintes preguntas:

1. ESCOLA MUNICIPAL INFANTIL. Preguntábase en decembro do ano pasado ao goberno local pola filtración de auga na Escola Infantil, e indicáronos que fan arranxalo mediante a garantía legal e da empresa



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

contratista. Case un ano despois esta situación permanece exactamente igual. A día de hoxe existe unha filtración de auga no corredor interior da entrada que fai que se acumule a auga nunha zona de paso habitual das crianzas. Tomou o goberno algunha medida máis que comunicar a situación á empresa? Que accións, 1 ano despois, vai implementar para resolver esta deficiencia que presenta a Escola Infantil?

Resposta do Goberno.- Comunicouse ao Consorcio Galego de Servizos Sociais Igualdade e Benestar como organismo promotor da obra da Escola Infantil e ante quen foi depositado o aval. Así mesmo, estamos a redactar un informe detallado para trasladar ao mencionado organismo.

O problema da filtración de auga no corredor interior trasladouse á empresa adjudicataria en reiteradas ocasións, por estar provocada polo atoamento da recollida de pluviais do tellado, procedendo no seu momento á súa limpeza, pero nos últimos meses volveu acumular residuos, entre eles uns calcetíns e unha botella de plástico tal e como se puido comprobar por persoal técnico. Polo tanto, segundo se nos comunicou, nas vindeiras semanas procederase á súa reparación.

2. PISCINA MUNICIPAL. As protestas e queixas das e dos usuarios da piscina municipal son moitas e constantes. Dende o BNG levamos solicitando durante moitos anos a necesidade de licitar de novo este servizo municipal. Un contrato que está esgotado dende decembro do 2017 (6 anos) e que segundo vostedes os pregos para a licitacións comezaron a redactarse no ano 2017. No 2019 dicían que a licitación realizaríase o “antes posible”. Seguramente debido a esta falta de seguridade xurídica e o nulo control por parte do concello, as inversión nestes anos foron mínimas o que trae como consecuencia unha situación deplorable das instalacións. Unha nova licitación daría seguridade e estabilidade xurídica á empresa concesionaria que debería realizar as inversións tan necesarias que precisa a piscina. En que data estiman que terán os pregos redactados e haberá un novo concurso de licitación, unha vez incorporado o técnico de contratación?

Resposta do Goberno.- Durante todos este tempo e tal e como se lles trasladou en varias ocasións, procedeuse a contratar unha auditoría da instalación para coñecer o seu estado así coma as causas do mesmo; elaboráronse os pregos, e polo que tan pronto como se poida, tramitarase a súa contratación.

3. PONTE DE PEDRA. A finais de agosto, o Ministerio de Transportes, mobilidade e axenda urbana, anunciaba na súa páxina web a adjudicación das obras da ponte de Pedra. Ten información o Concello de cando comezarán as obras? Saben os prazos de execución que se manexan? Na mesma publicación do Ministerio, figuraba unha simulación do proxecto da reforma da plataforma que parece ser non se corresponde exactamente co resultado final obra. Dispón o concello doutra documentación onde se poida ver o resultado final? Coñece o concello a través do Ministerio o plan de reordenación do tráfico mentres duren as obras?

Resposta do Goberno.- Segundo trasladánnos desde o Ministerio de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana, a empresa adjudicataria está en prazo de presentación da diferente documentación requirida previa ao comezo dos traballos. Unha vez revisada dita documentación informaránnos do plan de obra previsto. Desde o propio Ministerio trasladásenos que a actuación se realizará cun corte de carril e en horario nocturno.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

4. PRAZA DO PAN. É obrigatorio nos traballos de nova construción ou rehabilitación que se desenvolven no concello de Ponte deume que dispoñan dunha forma visible o cartel de obra con información relevante como: data de inicio e finalización, promotor, contratistas, licencia de obra... ? Sobre quen recae a obriga de verificar que as obras en curso teñan o seu correspondente cartel ? O obra da esquina da Praza do Pan ten o cartel ? Cal é data de finalización prevista da obra segundo a licencia municipal ?

Resposta do Goberno.- O incumprimento de colocación do cartel de obra notificóuselle ao interesado por parte do policía urbanístico, reiterándoo nun informe do día 18 de outubro, co que debería recibilo nestas datas. O prazo máximo para a execución dos traballos é de 3 anos desde a concesión da licenza, podendo pedirse sucesivas prórrogas

5. PISTA DE PÁDEL. As queixas pola mala situación da pista de pádel, cun nulo mantemento, son constantes. É especialmente perigosa para a integridade física das usuarias os día con chuvia. Ademais, continua a problemática das reservas non utilizadas polas usuarias e que non son anuladas. Tamén segue sen aplicarse a taxa polo uso destas pistas mediante un réxime de autoliquidacións co carácter previo ao uso. Que inversións están previstas para garantir un uso axeitado desta instalacións sen risco físico para as usuarias? En que data prevén realizar o cobro aos usuarios por este servizo que ven establecido na ordenanza fiscal correspondente?

Resposta do Goberno.- Os traballos de mantemento da pista de pádel realízanse unha vez cada catro meses, tempo indicado e recomendado pola propia empresa especialidade neste tipo de tratamentos, xa que a pista é de recente creación.

Vimos observando que unha zona concreta da pista de xogo é propensa a escorregamentos, polo que temos fixada unha visita da mencionada empresa e do equipo redactor do proxecto. Unha vez se realice esa visita e determine a orixe do problema, adoptaranse as medidas necesarias que serán sufragadas con cargo á partida da concellería de deportes. O atraso no pagamento tivo lugar pola tramitación da contratación da pasarela de pago coas distintas entidades bancarias que prestan este tipo de servizos. Contamos telo en funcionamento no menor te posible.

6. ORA. Hai meses anunciaban dende o goberno local o establecemento de zonas de estacionamento rotatorio. Instaláronse parquímetros para o seu control. A día de hoxe, eses parquímetros seguen sen estar en servizo. Cal é a causa pola que aínda non están operativos? Cando se poderán poñer en funcionamento para mellorar o uso dos espazos de aparcamento?

Resposta do Goberno.- A causa foi un informe referido á regulación do estacionamento temporal na zona. O prazo estimado para a súa posta en funcionamento é a campaña de nadal deste ano.

7. CANTINA CON BAÑOS NO PASEO MARÍTIMO. A finais do 2019 recíbese no concello o proxecto "Cantina, almacén y baños en el paseo fluvial de Ponte deume". Hai informes técnicos da arquitecta en canto á dispoñibilidade de terreos, autorizacións sectoriais e viabilidade urbanística para a concesión de 242 m2 do dominio público con destino a cantina, almacén e aseos no paseo marítimo. Aprobouse en pleno a principios deste ano, dicindo o alcalde que sacar a concesión levaría 2-3 meses. Está rematado o concurso de concesión? O custo anual é de arredor de 5.000 euros, dende que data se fai efectivo a obriga de pago? A obra tiña un custo de arredor de 60.000 euros, cal é a data prevista de inicio de finalización?



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Resposta do Goberno.- Unha vez recibida a autorización sectorial da Demarcación de Costas do Estado, e tras meses de espera polo mesmo, o proxecto atópase actualmente pendente da autorización de Deputación xa que a actuación está incluída no Plan de Obras e Servizos do devandito ente. Segundo trasladánnos, a autorización chegará ao longo do mes de novembro e entón poderá iniciarse o proceso de licitación. O prazo de pago do canon atópase polo momento pendente de resolver por parte do devandito ente, unha vez realizada polo Concello a solicitude de aprazamento ou redución do mesmo ata a posta en funcionamento da cantina

8. ORZAMENTO CENTRO DEPORTIVO MUNICIPAL. Cal é a cantidade total consignada nos orzamentos do ano 2024 para (estudios, anteprojectos, acondicionamento de terreos...) a construción do tan necesario centro deportivo municipal? Nos orzamentos da Xunta destínase algo de diñeiro para este fin?

Resposta do Goberno.- Os orzamentos do ano próximo están aínda en proceso de elaboración, como é habitual a estas alturas do ano. En todo caso, compre lembrarles, aínda que xa deberían de sabelo, que este tipo de actuacións fináncianse por varias administracións, tendo en conta a capacidade inversora deste Concello. A día de hoxe, e tras ter reiterada a solicitude de reunión co vicepresidente da Xunta e responsable da área de deportes, seguimos á espera dunha resposta a este respecto.

9. BIBLIOTECA GURMÉNDEZ. No ano 2003 realizouse un inventario "superficial" dos volumes do legado, fíxose algunha labor máis nos últimos anos para por en valor este legado? Cal é o estado de conservación actual deste depósito? En que lugar se atopa? Nos últimos 8 anos cantas foron as solicitudes de consulta desta biblioteca?

Resposta do Goberno.- O material bibliográfico da Biblioteca Gurméndez atópase actualmente ubicado nas dependencias do arquivo histórico municipal. Así mesmo estase a realizar unha reubicación e ordenamento das coleccións bibliográficas co fin de actualizar as mesmas e levar a cabo un posible expurgo do material obsoleto co fin de optimizar espazos que permitan a colocación ,entre outras, desta biblioteca. Nos últimos anos non consta ningunha solicitude de consulta.

O grupo municipal do Partido Popular presente para o Pleno do mes de outubro as seguintes preguntas:

1. El mercado municipal tenía unas deficiencias como una de sus puertas, los continuos atascos en los baños que usan los placeros...¿Se han solucionado estos problemas?

Por otro lado el presidente de los placeros del mercado en el mes de Septiembre hizo público en prensa su malestar por no poner en funcionamiento el parquímetro para facilitar las compras en el pueblo. Al mismo tiempo manifestaba la falta de ventilación . ¿Cuándo y cómo tienen previsto dar solución a estos dos problemas ?

Resposta do Goberno.- O arranxo da porta en cuestión realizouse o mes pasado, así como a revisión da seguridade do resto de portas de acceso ao mercado. Así mesmo, está a buscarse a solución ao problema dos baños con persoal técnico do Concello da área de urbanismo xa que hai que estudar os planos do mercado para coñecer o percorrido da instalación dos desaugadoiros e detectar a problemática e a súa



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

solución. En todo caso compre lembrar que o proxecto foi redactado polo goberno do partido popular. En canto á ventilación, fai xa máis dun mes que está aprobado o proxecto de apertura de dúas xanelas, tal como demandábase desde a asociación de praceiros para solventar a necesidade dunha maior ventilación, pero pola carga de traballo da empresa, esta obra non poderá realizarse ata despois do período vacacional de nadal, circunstancia que xa se puxo en coñecemento da devandita asociación no seu momento. En relación á posta en funcionamento dos parquímetros, tal como tamén lle trasladamos á asociación de praceiros, estímase que estean operativos para a campaña do Nadal deste ano.

2. Nos trasladan algunos vecinos su inquietud porque no se da sacado a concurso la cafetería del mercado para poder optar a ella.¿Podrían estimar una fecha ?

Resposta do Goberno.- A apertura do expediente en relación coas bases para saída a concurso da cafetería do mercado iniciouse no mes de abril, quedando parada a súa tramitación polas sucesivas campañas electorais que incrementan a carga de traballo no departamento de secretaría ao que temos que sumar o importante volume xa existente de traballo no departamento de secretaría. Coa incorporación dos dous técnicos de administración xeral en agosto, avanzouse neste expediente e actualmente estase ultimando a súa tramitación.

3. En la calle Fene se está aparcando en ambos lados,provocando que los coches anchos suban con mucha dificultad. Por otro lado el ancho de la calle no permite aparcar a ambos lados. Si tuviera una emergencia esa calle y tuviera que pasar un vehículo voluminoso sería imposible...¿No creen que se debería regular el aparcamiento en esta calle por seguridad ?



Esa posibilidade estudouse e está contemplada no PEMUS pero a eliminación do aparcamento nunha marxe da rúa eliminaría 15 prazas de aparcamento en pleno centro comercial da vila. En todo caso, para unha cuestión de emerxencia poderíase acceder pola Praza do Conde e Rúa San Miguel, aínda así estanse barallando alternativas para atopar unha solución.

4. ¿Cuál fue el motivo para no realizar la fiesta (comida) de las parroquias que este año tocaba en Ombre?

Resposta do Goberno.- O motivo foi a problemática a nivel orzamentario xerada por unha banda polo atraso no pagamento da subención do IDAE para a renovación dunha parte do alumeadado público e que fora adiantada tal e como establecían as bases da convocatoria por parte do concello. Así coma a obriga de habilitar fondos para facer fronte a sentenza do supremo sobre a cesión dos terreos da finca tenreiro para a



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

construción do paseo marítimo nos anos 90. Esta cuestión foi tratada coa asociación de veciños de Ombre que entenderon e respaldaron a decisión tomada.

5. En el 2017 sale una nota de prensa en la que dice que la estructura de madera del tejado del mercado eumes ya está podrida y que de no llegar a un acuerdo lo asumirá el concello para después reclamar de forma judicial el coste del cambio de la estructura. ¿Hubo juicio? ¿Se ganó? ¿Se recuperó el dinero que adelantó el Concello?

18:04 ... 3 4 5 6 7 8 9 10 11 12 13 14 15 16 17 18 19 20 21 22 23 24 25 26 27 28 29 30 31 32 33 34 35 36 37 38 39 40 41 42 43 44 45 46 47 48 49 50 51 52 53 54 55 56 57 58 59 60 61 62 63 64 65 66 67 68 69 70 71 72 73 74 75 76 77 78 79 80 81 82 83 84 85 86 87 88 89 90 91 92 93 94 95 96 97 98 99 100 101 102 103 104 105 106 107 108 109 110 111 112 113 114 115 116 117 118 119 120 121 122 123 124 125 126 127 128 129 130 131 132 133 134 135 136 137 138 139 140 141 142 143 144 145 146 147 148 149 150 151 152 153 154 155 156 157 158 159 160 161 162 163 164 165 166 167 168 169 170 171 172 173 174 175 176 177 178 179 180 181 182 183 184 185 186 187 188 189 190 191 192 193 194 195 196 197 198 199 200 201 202 203 204 205 206 207 208 209 210 211 212 213 214 215 216 217 218 219 220 221 222 223 224 225 226 227 228 229 230 231 232 233 234 235 236 237 238 239 240 241 242 243 244 245 246 247 248 249 250 251 252 253 254 255 256 257 258 259 260 261 262 263 264 265 266 267 268 269 270 271 272 273 274 275 276 277 278 279 280 281 282 283 284 285 286 287 288 289 290 291 292 293 294 295 296 297 298 299 300 301 302 303 304 305 306 307 308 309 310 311 312 313 314 315 316 317 318 319 320 321 322 323 324 325 326 327 328 329 330 331 332 333 334 335 336 337 338 339 340 341 342 343 344 345 346 347 348 349 350 351 352 353 354 355 356 357 358 359 360 361 362 363 364 365 366 367 368 369 370 371 372 373 374 375 376 377 378 379 380 381 382 383 384 385 386 387 388 389 390 391 392 393 394 395 396 397 398 399 400 401 402 403 404 405 406 407 408 409 410 411 412 413 414 415 416 417 418 419 420 421 422 423 424 425 426 427 428 429 430 431 432 433 434 435 436 437 438 439 440 441 442 443 444 445 446 447 448 449 450 451 452 453 454 455 456 457 458 459 460 461 462 463 464 465 466 467 468 469 470 471 472 473 474 475 476 477 478 479 480 481 482 483 484 485 486 487 488 489 490 491 492 493 494 495 496 497 498 499 500 501 502 503 504 505 506 507 508 509 510 511 512 513 514 515 516 517 518 519 520 521 522 523 524 525 526 527 528 529 530 531 532 533 534 535 536 537 538 539 540 541 542 543 544 545 546 547 548 549 550 551 552 553 554 555 556 557 558 559 560 561 562 563 564 565 566 567 568 569 570 571 572 573 574 575 576 577 578 579 580 581 582 583 584 585 586 587 588 589 590 591 592 593 594 595 596 597 598 599 600 601 602 603 604 605 606 607 608 609 610 611 612 613 614 615 616 617 618 619 620 621 622 623 624 625 626 627 628 629 630 631 632 633 634 635 636 637 638 639 640 641 642 643 644 645 646 647 648 649 650 651 652 653 654 655 656 657 658 659 660 661 662 663 664 665 666 667 668 669 670 671 672 673 674 675 676 677 678 679 680 681 682 683 684 685 686 687 688 689 690 691 692 693 694 695 696 697 698 699 700 701 702 703 704 705 706 707 708 709 710 711 712 713 714 715 716 717 718 719 720 721 722 723 724 725 726 727 728 729 730 731 732 733 734 735 736 737 738 739 740 741 742 743 744 745 746 747 748 749 750 751 752 753 754 755 756 757 758 759 760 761 762 763 764 765 766 767 768 769 770 771 772 773 774 775 776 777 778 779 780 781 782 783 784 785 786 787 788 789 790 791 792 793 794 795 796 797 798 799 800 801 802 803 804 805 806 807 808 809 810 811 812 813 814 815 816 817 818 819 820 821 822 823 824 825 826 827 828 829 830 831 832 833 834 835 836 837 838 839 840 841 842 843 844 845 846 847 848 849 850 851 852 853 854 855 856 857 858 859 860 861 862 863 864 865 866 867 868 869 870 871 872 873 874 875 876 877 878 879 880 881 882 883 884 885 886 887 888 889 890 891 892 893 894 895 896 897 898 899 900 901 902 903 904 905 906 907 908 909 910 911 912 913 914 915 916 917 918 919 920 921 922 923 924 925 926 927 928 929 930 931 932 933 934 935 936 937 938 939 940 941 942 943 944 945 946 947 948 949 950 951 952 953 954 955 956 957 958 959 960 961 962 963 964 965 966 967 968 969 970 971 972 973 974 975 976 977 978 979 980 981 982 983 984 985 986 987 988 989 990 991 992 993 994 995 996 997 998 999 1000

La Voz de Galicia

ocurrido y las conclusiones del informe a los grupos de la oposición. Esta situación obliga ahora a volver a intervenir en el tejado y sustituir todos los elementos de madera. Pero, ¿quién acometerá la obra? El regidor señaló que la empresa que llevó a cabo los trabajos está en contacto con la firma que suministró la madera. El informe apunta que se instaló muy húmeda y el proceso de tratamiento impidió su secado, favoreciendo la pudrición. «No queremos que la obra se retrase, así si no llegan a un acuerdo el Concello asumiría la obra y luego se reclamaría de forma judicial», avanza Fernández.

El coste de estos nuevos trabajos oscilará entre los 90.000 y 100.000 euros, ya que, aunque se podrán reutilizar algunos de los materiales instalados, como las tejas, deberá desmontarse y volver a cerrar todo el tejado para poder reponer los elementos de madera.

Catas arqueológicas

Resposta do Goberno.- O que se fixo naquel momento tras comprobar que a cuberta reformada por aquel entón polo goberno do pp atopábase totalmente podrecida e ante a negativa da empresa que executou os traballos de asumir os custes da súa substitución e tendo en conta que ese feito supuxo a paralización durante meses das obras de rehabilitación do mercado, decidiuse por recomendación dos servizos xurídicos e técnicos, ante a ausencia dunha alternativa que evitase a paralización sine die das obras xa en marcha, asumir a súa substitución con recursos propios e reclamar xudicialmente os custes derivados da mesma . Hai unha sentenza en primeira instancia que non é compartida por parte da defensa do concello posto non atopa concorrencia de culpas nin vinculación entre o estado da madeira e a empresa que e instalou e polo tanto a día de hoxe atopase recorrida.

6. En el lugar de A Veiga se acaba de realizar la limpieza de cunetas.¿Van a quedar con la profundidad actual? ¿Se va hechar hormigon?

Resposta do Goberno.- O Concello de Pontedeume non realizou recentemente ningunha limpeza de cunetas nese lugar xa que esa estrada non é de titularidade municipal.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) non presenta para o Pleno do mes de outubro rogos.

O grupo municipal do Partido Popular (PP) presenta para o Pleno do mes de outubro os seguintes rogos:

*Demandan en la avenida de Ferrol una placa que indique dicha calle a la altura de la funeraria San José.

*Rogamos se solicite a la diputación la renovación del asfalto en el lugar de A VEIGA dado su desgaste que en días de lluvia es resbaladizo.

Antes de levantar a sesión, **don Santiago José Rodríguez Piñeiro, concelleiro do PP**, pide que conste en acta, que a principios do mes de setembro solicitaron por escrito acceso a facturación do consumo enerxético do mercado municipal. Indica que recibiron contestación o día 21 de setembro, pero a día de hoxe, non teñen acceso a esas facturas, polo que se ven obrigados a denunciar a situación.

Responde a voceira do **PSdeG-PSOE, dona Alejandra Bellón Tenreiro**, indicándolles que están solicitadas ao departamento, pero co volume de traballo no departamento correspondente que teñen estase a atrasar a entrega desta documentación. Que non hai impedimento para a súa entrega.

Toma a palabra **dona Montserrat Pico Rodeiro concelleira do PP**, que o escrito que recibiron o día 21 de setembro, indica que “*será amosado o día que estimen oportuno*”; non se está a cumprir porque ela xa se presentou tres veces no concello e non lle deron a documentación; que hai que poñerse de acordo, quen se teña que poñer... para facilitar as facturas que é un dereito que teñen.

REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as doce horas e cincuenta minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coas sinaturas dixitais do Alcalde e da Secretaria.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 30.11.2023, segundo o borrador asinado o día 27.11.2023. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe.

